

CINE FÓRUM

(In)visibilidade das mulleres STEAM

**21 de abril,
5, 12, e 19 de maio, 2022**
Salón de actos do Edificio do
Consortio Zona Franca de Vigo
Rúa do Areal, 46 (Vigo)

Deseño: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

CINE FÓRUM

*(In)visibilidade
das mulleres STEAM*

21 de abril,
5, 12, e 19 de maio, 2022
Salón de actos do Edificio do
Consortio Zona Franca de Vigo
Rúa do Areal, 46 (Vigo)

Universidade de Vigo

Cine forum (in)visibilidade das mulleres STEAM

Dirixido á comunidade universitaria e a cidadanía en xeral. No caso de limitación de capacidade terá preferencia o estudiantado matriculado en titulacións do ámbito da Enxeñaría.

Lugar e data

Salón de actos do edificio do Consorcio Zona Franca de Vigo, rúa Areal 46 (Vigo)
21 de abril, 5, 12 e 19 de maio.

Modera e dirixe

Alfonso Castaño Hernández
Experto docente en cine, escritura de guións cinematográficos e linguaxe audiovisual

Organiza

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, Universidade de Vigo

Patrocinan

Unidade de Igualdade
Consortio Zona Franca de Vigo

Programación

21 abril, 18:30 h

En terra de homes (North Country, Niki Caro, 2005)

Unha muller vese abocada a traballar nunha mina no norte de Minesota. Mostra a loita que leva a cabo nun entorno de gran discriminación por xénero. Inspirada no caso real de Lois Jenson, unha das primeiras mulleres contratadas para traballar nunha mina e que, con outras mulleres mineiras, promoveu a primeira demanda colectiva por acoso sexual.

5 de maio, 18:30 h

Joy (David O. Russell, 2015).

Esta película está baseada na vida de Joy Mangano, inventora e mais empresaria estadounidense. É coñecida por ter inventado, patentado e comercializado o “Miracle Mop” e “Huggable Hangers”. Ten unhas 100 patentes e foi a presidenta da súa propia compañía Ingenious Designs, LLC.

12 de maio, 18:30 h

Sesgo Codificado (Coded Bias, Shalini Kantayya, 2020).

Este documental trata o nesgo dos algoritmos. Arranca coa historia de Joy Buolamwini, unha investigadora do MIT que demostrou que o recoñecemento facial que usaba o MIT Media Lab non funciona correctamente coas peles máis escuras. Permite poñer de manifesto como a tecnoloxía e a ciencia desenvolveuse tradicionalmente seguindo un modelo cuxo patrón é un home branco.

19 de maio, 18:30 h

Descifrando Enigma (The Imitation Game, Morten Tyldum, 2014)

Relata a vida de Alan Turing, que descifrou a codificación da máquina Enigma, durante a segunda guerra mundial. A película amosa o papel clave que tivo a criptoanalista británica Joan Clarke (1917-1996) que foi a única muller que traballou con Turing, a quen nunca se lle deu recoñecemento.

Máis información

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/igualdade/actividades-do-curso/>
eme.negociado@uvigo.es
986 812 205

Alumnado que queira solicitar a validación de horas por créditos ECTS: O alumnado matriculado en titulacións das Escolas de Enxeñaría, e queira solicitar a validación da actividade por ECTS, debe inscribirse en <https://forms.gle/XwPY5NX9zGBWS7VK9>

